



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 25 de xaneiro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:39 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 11 de xaneiro de 2016.

URBANISMO E PATRIMONIO

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 21 DE XANEIRO
DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéronse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 23.062.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.407.- A F. J. R. C., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate da obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.280.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.329.- A E. e M. B. M., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate da obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.294.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.355.- A S. G. S. e A. S. R., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate da obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 25.671.- A M. M. O., para en Lajes do Pico-Darbo, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda de 101,73 m2., de planta baixa, de conformidade co proxecto básico da arquitecta Marta Maneiro González, de setembro de 2015 a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 4 de febreiro de 2003.

2.A.2) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.759.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove C. P. O. e que consiste nunha división en dúas parcelas netas, n° 1 de 613,35 m2.; n° 2 de 484,35 m2.; e dúas parcelas de cesión ao Viveiro; n° 3 de 22,56 m2.; e n° 4 de 23,90 m2.; procedentes dun predio matriz de 1.144,16 m2.; sito en Rúa das Laxes, n° 11-Donón-O Hío.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de novembro de 2015, redactado polo aparellador Emilio Camaño Malvido.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas n° 3 e n° 4.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

2.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 25.619.- Solicitude de acondicionamento interior e exterior de edificación tradicional, promovido por M. G. G., en Estrada Viso a Vilanova, n° 119-O Hío, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparellador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.766.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para en Rúa Xosé Novas, n° 13-Aldán, executar 6,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248315050150, de data 29 de outubro de 2015 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.719.- T. G. M., acondicionamento local en Rúa Baiona, n° 22-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.755.- ASNORTE SA, acondicionamento de local na Avda. de Bueu, n° 2-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.807.- M & S CASUAL KIDS CB, acondicionamento local en Rúa Oriente, n° 2-baixo-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.847.- ROYKE SC, venda de pizzas ao corte en Rúa Eduardo Vincenti, n° 2-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.897.- MYXSTYLE CB, oficina xestión eventos e celebracións en Rúa Saralegui, n° 28-Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA N° 1/2014-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 21.01.2016, referente ao expediente de infracción urbanística n° 1/2014-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26 DE OUTUBRO DO 2014 RECAÍDA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR N° 1/2014-S

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por M. J. G. C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro de 2014, do expediente sancionador N° 1/2014-S, polo que se impón unha sanción á recorrente de seis mil un euros (6.001,00 €) pola realización de obras consistentes en realizar un cerramento e o cambio de cuberta dunha caseta sita a menos de 4 metros do eixo do camiño no lugar de Erbello-Aldán, resultan os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Incoado expediente de restauración da legalidade urbanística n° 1/2014 a M. J. G. C., este resolveuse o 22 de abril de 2014 ordenando a demolición das obras realizadas (cerramento e cambio de cuberta dunha

caseta). Dita resolución notificouse en data 02/05/2014 sen que a esta fose recorrida.

SEGUNDO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xullo de 2015 incoouse procedemento sancionador nº 1/2014-S a M. J. G. C. Con data 1 de outubro do 2015 deuse traslado á interesada da proposta de sanción do expediente, desestimando as alegacións presentadas por M. J. G. C. en data 07.09.2015.

TERCEIRO.- Con data 15 de outubro do 2015 a interesada presenta escrito de alegacións fronte dentro do prazo conferido para o efecto.

En data 26 de outubro de 2015 a proposta do instructor do procedemento desestima as alegacións formuladas e propón a imposición da sanción de seis mil un euros (6.001,00 €).

CUARTO.- Con data 26 de outubro de 2015 a Xunta de Goberno Local acorda impoñer unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €), acordo notificado á recorrente con data 11 de decembro do 2015, acordo notificado en data 11/12/2015.

QUINTO.- Con data 21 de decembro do 2015, rexistro de entrada nº 16572, M. J. G. C. presenta un recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro de 2015 do expediente sancionador nº 1/2014-S, polo que lle impón unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) pola realización de obras no lugar de Erbello-Aldán, consistentes en realizar un cerramento e o cambio de cuberta dunha caseta sitos a menos de 4 metros do eixo do camiño.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I.- A competencia para a resolución do recursos de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992 corresponde á Xunta de Goberno Local: 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...

II.- No recurso interposto por M. J. G. C., na súa condición de interesada, aprécianse a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa como parte recorrente.

III.- O artigo 219 da LOUGA sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor/promotora das obras, propietario/propietaria dos terreos ou empresario/empresaria das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Resulta probado que as obras realizadas da preceptiva licenza municipal.

CUARTA.- As alegacións da recorrente se sintetizan nos seguintes aspectos:

- *Extemporánea apertura do expediente de infracción.*

O expediente sancionador tramítase dentro dos prazos legalmente establecidos no artigo 218 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

'As infraccións urbanísticas moi graves prescribirán aos quince anos, as graves aos seis anos e as leves aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade, polo que a alegación presentada debe ser desestimada.'

- *Principio de prazo razoable e modificación da tipificación da infracción.*

O arquitecto con data 20 de xaneiro do 2016 tipificou a infracción como grave, de conformidade co previsto no artigo 217.3 a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Esta alegación debe ser desestimada polos razoamentos expostos no punto anterior. Así mesmo cómpre indicar que a sanción imposta é a mínima establecida pola lei para as infraccións graves, que poden seren sancionadas cun importe entre seis mil un euros (6.001,00 €) e sesenta mil euros (60.000,00 €), segundo o disposto no artigo 220b da LOUG.

O responsable da infracción terá dereito a unha redución do 80% da multa que imposta en caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador, o cal non resulta probado neste expediente.

O artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, concede un prazo de un mes para a interposición do recurso de reposición.

Por todo o exposto , PROPONSE:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por M. J. G. C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro de 2015 do expediente sancionador nº 1/2014-S, polo que se impón unha sanción á recorrente de seis mil un euros (6.001,00 €) pola realización de obras consistentes en realizar un cerramento e o cambio de cuberta dunha caseta sita a menos de 4 metros do eixo do camiño, confirmando dito acordo en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado

contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme co disposto no artigo 14.º.3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

Non obstante, a Xunta de Goberno co seu superior criterio resolverá o que estime máis procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 1/2014-S.

4.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 17/2009-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 30.12.2015, referente ao expediente de infracción urbanística nº 17/2009-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 17/2009-S

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de maio do 2014, resulta que:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de maio de 2014 incoouse expediente sancionador nº 17/2009 a A. T. C., pola instalación de pilares de ferro de 5,30 metros para armazón de ponte gindastre, no lugar de Miranda- Coiro.

Segundo.- O interesado solicitou en data 23 de xuño de 2014 a suspensión do expediente de referencia en tanto non se resolvese o expediente de incursión en fóra de ordenación en trámite. Dito expediente resolveuse por Resolución del Alcaldía de data 20.11.2014 declarando as edificacións sitas en Miranda, nº 8-Coiro (referencia catastral 36008A04200990000JJ, 36008A042000980000JI, e D31304100NG18B0001KJ) dedicadas a transformación de pedra desta localidade incursas en situación de fóra de ordenación, de conformidade co previsto na DT 3º da Lei 2/2010, do 25 de marzo, motivado nas seguintes circunstancias:

- 1.- Non terse executado dito inmovible en terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento.*
- 2. Exercerse nesta un uso industrial continuado sen licenza.*

3. Resultar acreditado que o uso vense desenvolvendo no referido lugar desde antes do 1 de xaneiro de 2003. O recoñecemento do cumprimento dos requisitos previstos na disposición non supón a legalización do construído.

Terceiro.- O pasado 16 de febreiro de 2015 remitiuse proposta de sanción do expediente de referencia, concedéndose ao interesado un prazo de quince días para formular alegacións.

Cuarto.- Durante o prazo conferido ao efecto A. T. C. presenta escrito de alegacións o 13 de marzo de 2015, rexistro de entrada no Concello o nº 3181, desestimadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2015, na que se acorda igualmente, entre outros aspectos impoñer a A. T. C. unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) (acordo notificado o 3 de xuño de 2015).

Quinto.- Dentro do prazo conferido ao efectos A. T. C. con data 3 de xullo de 2015, rexistro de entrada nº 9016, formula recurso de reposición fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2015, no que acordaba, entre outros aspectos impoñer a A. T. C. unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) (acordo notificado o 3 de xuño de 2015).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015. 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'

SEGUNDO.- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor/promotora das obras, propietario/propietaria dos terreos ou empresario/empresaria das obras e os técnicos/técnicas redactores/redactoras do proxecto e directores/directoras das obras.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 19.05.2014 que sinala que as obras realizadas están tipificadas como graves, segundo o disposto no artigo 217.3.a da LOUG e se consideran ilegalizables.

TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto o interesado manifesta que entre outros aspectos no seu recurso sobre os que xa non cabe entrar a caducidade do expediente sancionador por inactividade da Administración.

O recurso de reposición debe ser estimado polos seguintes razoamentos:

- Iniciado o procedemento sancionador este debe resolverse no prazo de un ano, a contar desde a data da súa iniciación. Neste caso non resulta de aplicación o prazo xeral dos procedementos sancionadores tramitados exclusivamente ao abeiro do Rd 1398/1993. Así se pronunciou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 919/2008, do 27 de novembro.

A declaración de caducidade debe ordenar igualmente o arquivo de actuacións (artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Este prazo é un prazo de caducidade, polo cal, é viable a incoación dun novo procedemento sempre que a infracción non estea prescrita.

O TS, en Senteza do 26 de maio de 2010, estableceu que o prazo para resolver o sancionador se computa desde o acordo de inicio, sen que deban considerarse actuacións previas. Pero 'dies ad quem' debe terse en conta o disposto no artigo 58.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Polo exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto por A. T. C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2015, no que acordaba, entre outros aspectos impoñer a A. T. C. unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) e ordenar o arquivo das actuacións, ao declararse a caducidade do expediente, de conformidade co disposto no artigo 221.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e os fundamentos xurídicos expostos no corpo desta resolución.

De no estar prescrita a infracción deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

SEGUNDO.- Dar traslado desta Resolución ó departamento de Disciplina para que se notifique o acordo ao interesado e á Tesourería Municipal.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por INFRACCIÓN urbanística nº 17/2009-S.

4.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 4/2012-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 21.01.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 4/2002-S, que é como segue:

“EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 4/2012-S

PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR CADUCIDADE

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Areabrava-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento a base de tuberías metálicas de 2 metros de alto e malla metálica platificada de 1,50 metros de alto.

O día 15 de setembro de 2014, pola Xunta de Goberno Local iníciase procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable, V. A. L.

Considerando que o artigo 223 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución producírase a caducidade do procedemento.

Considerando que transcorreu o prazo de prescrición de seis anos sinalados no artigo 218 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador N° 4/2012 incoado a V. A. L., en concepto de promotor, procedendo ao arquivo deste.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 4/2012-S.

FACENDA

5° .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO XULGADO DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA NO P.O. N° 124/04.

Dáse conta do Auto do 7 de xaneiro de 2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, dimanante do procedemento ordinario nº 124/04, promovido por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO TRAVESÍA LONGÁN, contra SPORT CLUB MORRAZO, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Auto do 7 de xaneiro de 2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, dimanante do procedemento ordinario nº 124/04, promovido por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO TRAVESÍA LONGÁN, contra SPORT CLUB MORRAZO, S.L.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do Auto de referencia aos departamentos de Intervención, Apoio Xurídico e Urbanismo.

5.B) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO APELACIÓN Nº 4036/15-SENTENZA Nº 622/2015 DITADO POLA SECCIÓN 2ª DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO P.O. Nº 229/2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada dos seguintes datos:

“PO Nº 229/2013-RECURSO APELACIÓN Nº 4036/15-SENTENZA Nº 622/2015 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2ª

- A persoa recorrente: J. C. C.

- Contido: inadmisión da apelación formulada pola representación legal de J. C. C. contra sentenza número 194/14, do 14 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra e pola que se desestimou o seu recurso contencioso-administrativo contra Resolución do 6 de maio de 2013, adoptada pola Xunta de Goberno Local, pola que se arquivou a súa solicitude de declaración de inmersión na situación de fóra de ordenación da vivenda.

- Non cabe interpor recurso contra a presente sentenza.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

6.A) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, do día 18.01.2016, relativa a concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da Traballadora Social de Servizos Sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de dous mil noventa e oito euros con trinta e dous céntimos (2 098,32 €) a M. A. G. P.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

6.B) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO S/ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 21.01.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a M. A. G. P., co de expediente nº: 36008/02/000599, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrência e de acordo ós seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Custo do servizo: cento noventa e tres euros con setenta e cinco céntimos (193,75 €).*
- Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica) 0 €/mes.*

- *Número de horas: 8 horas.*

- *Data prevista de alta no SAF: febreiro de 2016."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

7º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA NO MERCADIÑO MUNICIPAL

7.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2016

Dáse conta de proposta do día 25.01.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2016, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2016

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da Provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do/da interesado/interesada por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2015, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2016 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos/polas interesados/interesadas dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2016 das licenzas municipais de

venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, proponse:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2016, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 25/10/2011) a:

- Ref: 1. S. K. G.
- Ref: 5. P. M. G.
- Ref: 6. J. C. L.
- Ref: 7. A. F. B.
- Ref: 8. R. C. L.
- Ref: 9. M. R. P. P.
- Ref: 10. F. L. P. P.
- Ref: 14. P. J. P.
- Ref: 15. F. S. P.
- Ref: 16. F. J. G. A.
- Ref: 18. C. F. T.
- Ref: 19. J. M. D. G.
- Ref: 20. J. A. B. L.
- Ref: 21. A. M. F. T.
- Ref: 23. E. R. G.
- Ref: 24. M. I. P. C.
- Ref: 26. F. N. G.
- Ref: 27. M. A. A.
- Ref: 28. Mimos, CB
- Ref: 29. L. G. L.
- Ref: 31. O. C. C.
- Ref: 33. A. P. A.
- Ref: 35. J. D. G.
- Ref: 36. Iglesias Míguez., SL
- Ref: 37. M. P. D. M.
- Ref: 43. M. P. G.
- Ref: 47. N. G. G.
- Ref: 49. C. C. P.
- Ref: 50. P. J. S.
- Ref: 52. M. C. F. R.
- Ref: 53. M. S. F.
- Ref: 54. A. M. T. G.
- Ref: 56. M. A. F.
- Ref: 63. Past River SL
- Ref: 64. M. C. G.

-Ref: 69. S. E. R.
-Ref: 71. A. P. A.
-Ref: 72. C. R. V.
-Ref: 74. I. V. I.
-Ref: 75. O. E. G.
-Ref: 78. F. J. B.
-Ref: 80. A. M. P. M.
-Ref: 86. M. D. L.
-Ref: 88. P. G. C.
-Ref: 90. H. C. O.
-Ref: 94. M. F.
-Ref: 98. M. C. F. P.
-Ref: 101. P. T. L.
-Ref: 102. M. T. S. N.
-Ref: 105. A. I. G.
-Ref: 106. S. A. P. R.
-Ref: 107. G. I. R.
-Ref: 111. J. M. M. Q.
-Ref: 115. M. C. I. B.
-Ref: 118. J. D. M.
-Ref: 119. A. P. R.
-Ref: 120. C. C. M.
-Ref: 122. M. F. V. M.
-Ref: 125. J. F. P.
-Ref: 126. E. A. G.
-Ref: 127 M. P. P. S.
-Ref: 129. C. H. L.
-Ref: 131. L. G. S.
-Ref: 136. E. L. B.
-Ref: 138. S. D. E.
-Ref: 139. E. D. S.
-Ref: 140. F. S. S.
-Ref: 142. J. F. M.
-Ref: 143. M. C. F. M.
-Ref: 146. J. A. E. M.
-Ref: 147. Panaderia Salgueiro CB
-Ref: 148. Plantas A Lagoa SL
-Ref: 160. J. M. P. P.

CAMBIO TITULARIDADE

-Ref: 3. E. D. S. – Y. D. D.
-Ref: 38. M. P. S. T. – M. T. S. T.
-Ref: 42. M. F. V. M. – L. S. V.
-Ref: 85. T. V. G. – A. V. F.
-Ref: 130. G. G. A. – I. G. R.
-Ref: 144. M. C. I. B. – J. F. P. (cambio posto do martes, unificar co posto que xa ten o venres na mesma licenza).

-Ref: 167. M. A. R. P. – J. C. P. A.

Segundo.- *Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que de seguido se relacionan por presentar a súa solicitude de renovación fóra do prazo outorgado:*

-Ref: 34. Maquinaria Agrícola Carpintero SL

-Ref: 150. J. G. J.

Terceiro.- *Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que de seguido se relacionan por non presentar a solicitude de renovación:*

-Ref: 168. A. A. F.

Cuarto.- *Advertir aos titulares de licenzas revogadas que unha vez firme o presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no Mercado por carencia de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.*

Quinto.- *Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2016.

7.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS

Dáse conta de proposta do día 15.12.2015 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de posto de venda na Praza de Abastos, que di o seguinte:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 16122 de data 14 de decembro de 2015 de J. G. C., polo que solicita autorización para realizar a transmisión do posto do que é titular na Praza de Abastos a favor dunha sociedade civil da que achega borrador de constitución.

A este respecto o artigo 31 do vixente Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP de Pontevedra nº 156 de 16/08/2005) relativo ás regras sobre a transmisión dos postos establece:

'Dado o carácter dos bens sobre os que se exerce a actividade, en canto destinados a un servizo público e de titularidade demanial, co fin de evitar calquera especulación sobre estes, limitarase a transmisión das concesións dos postos'.

A continuación o apartado 3 do mesmo artigo respecto das transmisións inter vivos de titular persoa física, coma a que solicita a interesada, establece que só cabe nunha serie de supostos taxados dentro dos cales non se atopa o pretendido pola interesada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de autorización formulada por J. G. C. para realizar a transmisión do posto do que é titular na Praza de Abastos a favor dunha sociedade civil da que achega borrador de constitución, por non encadrarse en ningún dos supostos previstos para a transmisión inter vivos no artigo 31 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpor RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que o dita no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen procedente. O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera. No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, este entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non ditara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que de conformidade co anterior se produza o acto presunto".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a transmisión de posto de venda na Praza de Abastos.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

8º.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/VIVENDAS DE MESTRES

Dáse conta de escrito do día 18.01.2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (R.E. do 22.01.2016), referente a información sobre a normativa de aplicación ao exercicio do dereito a casa-habitación do profesorado destinado no Concello de Cangas, que indica o seguinte:

“Con relación a solicitude de información sobre a normativa de aplicación ao exercicio do dereito a casa-habitación do profesorado destinado no Concello de Cangas, comunícolle o seguinte:

O dereito a casa-habitación do persoal docente trae causa do Estatuto do Maxisterio aprobado polo Decreto do 24 de outubro de 1947 (BOE do 17.01.1948) e está regulado no ámbito autonómico polo Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito de casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 02.09.1988). Esta norma declara subsistente para todos os efectos o dereito de casa-habitación para os mestres destinados en Galicia (artigo 1) e dispón que a administración educativa adxudicará as vivendas aos mestres da localidade tendo en conta o dereito preferente que legalmente asista a cada un deles (artigo 3).

En relación coa posibilidade de desafectación destas vivendas, o artigo 6 do referido decreto establece que a consellería competente en materia de educación, a petición dos concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade(s) escolar(es), así como daquelas vivendas que excedan do cadro de persoal de mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.

En consecuencia, a desafectación das vivendas só resulta posible cando se acredite no procedemento que non son necesarias para o profesorado da localidade e que o novo uso é compatible co normal desenvolvemento da actividade docente no recinto escolar. Durante a tramitación do proceso de desafectación subsiste a obriga da administración educativa de adxudicar as vivendas ao profesorado que as solicite en exercicio do dereito recoñecido legalmente nos termos expostos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento do escrito transcrito anteriormente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (R.E. do

22.01.2016), referente a información sobre a normativa de aplicación ao exercicio do dereito a casa-habitación do profesorado destinado no Concello de Cangas.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACTA DE CESIÓN EN PROPIEDAD DE MOTOCICLETA POLICIAL, PROPIEDAD DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A FAVOR DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta da sinatura de Acta de cesión en propiedade de motocicleta policial, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Cangas, asinada o día 15.01.16, entre as dúas partes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 15.01.16 de Acta de cesión en propiedade de motocicleta policial, MOTOCICLETA YAMAHA XT 660R con matrícula 7140JKP, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia da referida acta, así como do presente acordo aos departamentos de Intervención e Policía Local.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-LIÑA 4

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 25.01.2016, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016-liña 4, que é como segue:ç

"PROPOSTA

MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016- LIÑA 4

Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/29015, pola Deputación Provincial de Pontevedra as bases e convocatoria dun Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €), tendo en conta as porcentaxes máximas nas liñas 2, 3 e 4, o Concello con base nas necesidades procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración das correspondentes memorias e proxectos.

A Xunta de Goberno Local de data do 21/12/2015 acorda destinar a totalidade de douscentos vinte e nove mil trescentos cincuenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (229.352,95 €) euros á liña 4, para a contratación de 34 persoas para diferentes servizos.

Presentada toda a documentación de solicitude perante a Deputación, comunican a esixencia de escrito cuantificando cada posto, do que resulta que unha vez cuantificado un total de douscentos mil cincocentos cincuenta e seis euros con corenta e oito céntimos (200.556,48 €), polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Modificar o acordo de data do 21/12/2015 de solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016- liña 4.

Segundo.- Formular nova solicitude de axuda polo importe de douscentos mil cincocentos cincuenta e seis euros con corenta e oito céntimos (200.556,48 €), para a contratación de 34 persoas, na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501), a xornada parcial de 35 horas semanais, de conformidade co seguinte:

Denominación servizo	Nº de traballadores
<i>Apoio á Brigada de Obras. Limpeza e mantemento de espazos públicos</i>	<i>13 peóns agrícolas</i>
<i>Apoio ao servizo de limpeza viaria</i>	<i>6 peóns varredores</i>
<i>Apoio á Brigada de Obras</i>	<i>10.- 4 peóns albaneis 4 peóns xardiñeiros/as 1 peón electricista 1 condutor/a</i>

<i>Apoio ao servizo de conserxería en edificios públicos</i>	<i>3 .- 1 conserxe para instalacións deportivas 1 conserxe para Praza de Abastos 1 conserxe para a Casa da Cultura</i>
<i>Servizo de apoio ao Gabinete de Alcaldía</i>	<i>2.- 2 auxiliares administrativos (FP1 ou equivalente)."</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016-liña 4.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS-2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 25.01.2016 referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2016, que é como segue:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS-2016

Publicada a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Reunindo o Concello as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais, se redactada polos servizos técnicos municipais proxecto denominado 'PROXECTO DE REPARACIÓN DO SANEAMENTO E FALSO

TEITO DA CASA DA CULTURA', polo importe total de cincuenta e seis mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (56.775,26 €).

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, unha axuda polo importe de corenta mil euros (40.000,00 €) para a execución do proxecto denominado 'PROXECTO DE REPARACIÓN DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA', cun orzamento total de cincuenta e seis mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (56.775,26 €) e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

Segundo.- Que con data do 8 de outubro de 2015, este Concello remitiu, as contas correspondentes ao exercicio 2014, ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

Cuarto.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2014 ascenden á cantidade de cinco millóns oitocentos cincuenta e nove mil douscentos trinta e catro euros con trinta e sete céntimos (5.859.234,37 €)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2016.

A) SOLICITUDES DE PASAXES PERMANENTES

A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
COMUNIDADES MORRAZO (administrador de Comunidade de Propietarios GARAJES NORIA)	Rúa Noria, nº 4-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 444, concedido en X.G.L. do día 27.03.2003 a Comunidade de Propietarios GARAJES NORIA. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
J. M. B.	Avda. de Vigo, nº 60-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 321, concedido a J. B. C. Así mesmo, autorízase o cambio de titularidade do sinal a favor de J. M. B., por falecemento da titular. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

A.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 14.01.2016 por D. B. L., na que reclama a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 395 que ten instalado en Rúa José Graña, nº 30 de Aldán.

Dáse conta, así mesmo, de informe emitido o día 23.01.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX.: 108/16

ASUNTO: BAIXA DE PASAXE PERMANENTE NA AVDA. DE JOSÉ NOVAS, Nº 30

Os policías locais de Cangas, con NIP 052024 e 052027, por medio do presente, informan:

** Que a instancia de D. B. L., veciño de Cangas, onde solicita que se proceda a baixa do sinal de pasaxe permanente da súa vivenda co nº 395.*

Achegados ata o lugar, pódese comprobar como o baixo onde tiña o garaxe está dedicado a un establecemento de hostalería, polo que procede a baixa do sinal de pasaxe permanente. Achégase fotografía."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15 e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

B) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS

B.1) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DA CAPELA DO ESPÍRITO SANTO

Dáse conta de informe da Policía Local do día 22.01.2016, referente a sinalización da Capela do Espírito Santo, que é como segue:

"Nº REX: 100/16

Os policías locais de Cangas, con NIP 052024 e 052027, por medio do presente, informan:

Que a instancia de G. G. M., veciño de Cangas, no que solicita que se leve a cabo algunha medida no Adro da Capela do Espírito Santo polo estacionamento dos vehículos dentro do empedrado.

Achegados ata o lugar e realizada unha inspección no adro, compróbase como nesas intres hai dous vehículos estacionados, pero en todo o contorno da capela non existe ningún sinal que prohiba o estacionamento.

É parecer dos instrutores, que o contorno da capela se debería protexer e restrinxir o tráfico, posto que estamos a falar dun monumento histórico.

Deberíase colocar á entrada enfrente da vivenda nº 71, onde está o paso rebaixado da beirarrúa, un sinal que prohiba o estacionamento en toda a praza (achégase fotografías ao respecto)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente, referente a sinalización da Capela do Espírito Santo.

B.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA ATRANCO

Visto o escrito presentado o día 06.10.2015 por COMUNIDADES MORRAZO, como administrador da Comunidade de Propietarios ATRANCO, sita en Rúa Atranco, nº 13-Coiro, no que solicitan autorización municipal para a instalación de elementos de delimitación de propiedade, segundo o indicado no escrito seguinte:

“Que a comunidade de propietarios é propietaria do terreo excedentario da construción do edificio, pola súa parte Este, Oeste e Sur. No terreo da parte Oeste ten a súa entrada o ximnasio Atlantic e o edificio ten a entrada dos garaxes deste.

Desde hai moitos anos, os veciños e as veciñas do edificio están a ter problemas para poder entrar cos seus vehículos no dito garaxe, por culpa de que hai coches aparcados na zona de entrada a este.

Como é un terreo privativo a Policía Local non pode actuar, nin multando aos vehículos mal aparcados, nin retiralos co guindastre municipal, aínda que existe un sinal de pasaxe permanente.”

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 22.01.2016 polo arquitecto municipal, que indica o seguinte:

“Un emprazamento dos pivotes é compatible coas determinacións establecidas ao respecto polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal xa que se emprazan sobre unha parcela privada.”

Dáse conta de informe emitido o día 22.01.2016 pola Policía Local, referente a sinalización en Rúa Atranco, que é como segue:

“A Xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente informe fai constar:

Que con relación a solicitude que se achega, da comunidade de propietarios ‘Atranco 13’, por parte desta policía non existe inconveniente, desde o punto de vista do tráfico e seguridade viaria, para a colocación dos elementos fixos previstos no escrito e deseño e tendo en conta o sinalado polo arquitecto municipal no relativo á compatibilidade destes co planeamento urbanístico.”

Incidencias: no tratamento deste punto ausentouse do salón de sesións o concelleiro Sr. Mera Herbello.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a solicitude da Comunidade de Propietarios Atranco, para instalación dos elementos fixos na entrada do garaxe do edificio da referida comunidade, segundo o deseño achegado á solicitude.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente